

UNIDADE 4 - Sesión 2 (Actividade 4)

Imos "transportar mentalmente" o seguinte fragmento:

$\text{♩} = 100$ *"Ortigueira Spirit"*



Sabías que?

Transportar é cambiar a tonalidade duha obra musical para que poida ser executada ben por un instrumento traspositor, ou cando a tesitura da nosa voz ou instrumento sexa demasiado alta ou demasiado grave; buscando que a nova tonalidade se adapte ó noso rexistro.

Para transportar temos que realizar unha serie de operacións que nos conducirán á nova tonalidade.

- Se estas se realizan en papel o transporte recibe o nome de "transporte escrito".
- Se polo contrario as realizamos directamente (de memoria), denominámolas "transporte escrito".

Consideracións sobre o transporte:

- No transporte escrito a clave, despois de realizar o transporte, será a que utilice a voz ou o instrumento ó que vaia destinado. No transporte mental temos que imaxinar a nova armadura e a clave directamente ó ser executada, sen ter porque ser a clave habitual da voz/instrumento destinatario.
- Para transportar buscaremos a nota tónica da tonalidade e aplicarlle o intervalo correspondente do transporte. A nova nota indicarános a tónica da tonalidade resultante (e a súa armadura).
- No transporte mental: sobre a nota tónica, realizamos o intervalo do transporte e buscamos unha clave que cambie ese son pola nova nota.
- Temos que ter en conta no transporte as notas accidentais alteradas. É o que se coñece como "as diferencias". Toda a pasaxe ten que estar transportada á mesma distancia.
Se a armadura é pola orde de sostenidos o bemol convértese en becuadro e o becuadro en sostenido.
Se a armadura é pola orde de bemoles o sostenido convértese en becuadro e o becuadro en bemol.

Os instrumentos transpositores son aqueles nos que a nota que lee o instrumentista non se corresponde có son real que emite. Instrumentos como o clarinete ou a trompeta decimos que están en Si bemol (pola súa construción habitual), interpretando un Do escrito, pero soando un Si bemol.

Existen diversas familias de instrumentos transpositores, como as do saxofón: Sopranino (Mib), Soprano (Sib), Alto (Mib), Tenor (Sib), Barítono (Mib) ou Baixo (Sib).